

JSON da Lista de estacións océano-meteorolóxicas

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para a lista de estacións océano-meteorolóxicas con url:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/listaPlataformas.action>

Este JSON permite coñecer a lista de estacións océano-meteorolóxicas que actualmente están en servizo. Ademais do nome da estación e o seu identificador, móstrase o nome do concello e a provincia e a súa posición xeorreferenciada.

Para ver máis información sobre a Rede de estacións océano-meteorolóxicas consulte a páxina web:

<http://www2.meteogalicia.es/galego/observacion/plataformas/plataformas.asp>

1 Introducción formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listaEstacionsPlt* cuxo valor está formado por un lista de elementos que identifican cada unha das estacións. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

concello: Nome do concello donde se atopa a estación.

estacion: Nome da estación.

idEstacion: identificador numérico único da estación.

provincia: provincia galega donde se encontra a estación.

utm_x / utm_y: lonxitude (UTMX-29T ED-50) e latitude (UTMY-29T ED-50) respectivamente donde se atopa a estación.

InTipo: tipo de estación. Os posibles valores son:

Tipo	Descrición
1	Estación que mide parámetros meteorolóxicos e oceanográficos, e está ubicada en auga.
2	Estación (boia) que mide parámetros de ondas.
3	Estación que mide tanto parámetros meteorolóxicos e oceanográficos como de ondas.
4	Estación que mide parámetros meteorolóxicos e oceanográficos, e está anclada a terra.

¹ Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>